

- 1. Establece o artigo 27.4 da Constitución Española que é obrigatorio/a e gratuíto/a:**
 - a) A educación primaria.
 - b) O ensino básico.
 - c) A educación secundaria.
 - d) A educación infantil.

- 2. De acordo co disposto no artigo 54 da Constitución Española, é o alto comisionado das Cortes Xerais, designado por estas para a defensa dos dereitos comprendidos no Título I:**
 - a) O Tribunal Constitucional.
 - b) O Defensor do Pobo.
 - c) O Ministerio Fiscal.
 - d) O Consello Xeral do Poder Xudicial.

- 3. Considéranse interesados no procedemento administrativo, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (sinale a incorrecta):**
 - a) Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
 - b) Os que, sen teren iniciado o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.
 - c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non se ditase resolución definitiva.
 - d) As asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais serán titulares de intereses lexítimos individuais nos termos que a lei recoñeza.

- 4. Segundo o disposto no artigo 80.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo disposición expresa en contrario, os informes:**
 - a) Serán facultativos e vinculantes.
 - b) Serán facultativos e non vinculantes.
 - c) Serán preceptivos e vinculantes.
 - d) Serán preceptivos e non vinculantes.

- 5. De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, toda notificación deberá ser cursada:**
 - a) No prazo de dez días a partir da data en que o acto fose ditado.
 - b) Nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince a partir da data en que o acto fose ditado.
 - c) Nun prazo non superior a vinte días a partir da data en que o acto fose ditado.
 - d) Nun prazo non superior a trinta días a partir da data en que o acto fose ditado.

6. Sinala a resposta correcta en relación co previsto no artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Son nulos os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, mesmo a desviación de poder.
- b) Son anulables os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos cales se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- c) A administración poderá validar os actos nulos ou anulables, emendando os vicios que padezan.
- d) O defecto de forma soamente determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.

7. De acordo co disposto no artigo 62.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación dunha denuncia:

- a) Confíre a condición de interesado no procedemento cando aporte elementos precisos para fundamentar a denuncia.
- b) Confíre a condición de interesado no procedemento cando aporte elementos de xuízo suficientes de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.
- c) Non confíre, por si soa, a condición de interesado no procedemento.
- d) Non vincula ao órgano competente para iniciar o procedemento, ben que deberá comunicar ao denunciante que a presentase os motivos polos que, no seu caso, non procede a iniciación.

8. De conformidade co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, se fora o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera:

- a) Se terá por desistido da súa petición.
- b) Producirase a caducidade do procedemento.
- c) Producirase a prescrición das accións.
- d) Entenderase que renuncia ao seu dereito. Non obstante, se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.

9. Os actos necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos en virtude dos cales se deba pronunciar a resolución denomínanse (artigo 75 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas):

- a) Actos de iniciación.

- b) Actos de instrución.
- c) Actos de ordenación.
- d) Actos de terminación.

10. Indique cal das seguintes é correcta en relación cos recursos administrativos aos que se refire o Capítulo II do Título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) O recurso de alzada poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo. O prazo para a súa interposición será de dous meses, se o acto fora expreso.
- b) Os actos administrativos que non poñan fin á vía administrativa poderán ser impugnados potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso.
- c) Contra os actos firmes en vía administrativa poderá interporse o recurso extraordinario de revisión ante o órgano administrativo que os ditou, que tamén será o competente para a súa resolución. O recurso extraordinario de revisión interporase no prazo de dous meses, se o acto fora expreso.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

11. No caso de erro ou ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente e ao tenor do disposto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Producirase a desestimación do mesmo.
- b) Producirase a inadmisión do mesmo.
- c) Non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.
- d) Requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende o erro.

12. De acordo co disposto no artigo 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra as disposicións administrativas de carácter xeral:

- a) Poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición.
- b) Poderá interpoñerse recurso de alzada.
- c) Poderá interpoñerse recurso extraordinario de revisión.
- d) Non caberá recurso en vía administrativa.

13. Segundo o disposto no artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito (sinale la incorrecta):

- a) Os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.
- b) Os actos que resolvan procedementos de revisión de oficio de disposicións ou actos administrativos, recursos administrativos e procedementos de arbitraje e os que declaren a súa inadmisión.
- c) Os actos que admitan probas propostas polos interesados.

- d) Os actos que se diten no exercicio de potestades discrecionais, así como os que deban selo en virtude de disposición legal ou regulamentaria expresa.

14. Cal dos seguintes non é elemento do municipio de acordo co disposto no artigo 11.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

- a) A organización.
- b) O territorio.
- c) O padrón.
- d) A poboación.

15. De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, existen en todos os concellos:

- a) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde, o Pleno e a Comisión Especial de Contas.
- b) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde, a Xunta de Goberno Local e o Pleno.
- c) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde, a Xunta de Goberno Local, o Pleno e a Comisión Especial de Contas.
- d) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde, a Xunta de Goberno Local, o Pleno, a Comisión Especial de Contas e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

16. De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ¿cal das seguintes atribucións non lle corresponde ao Pleno da Corporación?

- a) A aprobación do regulamento orgánico.
- b) A aprobación das ordenanzas.
- c) A determinación dos recursos propios de carácter tributario.
- d) A aprobación da oferta de emprego público.

17. De conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as sesións plenarias ordinarias convocaranse, polo menos:

- a) Con vinte e catro horas de antelación.
- b) Con dous días hábiles de antelación.
- c) Con tres días hábiles de antelación.
- d) Con cinco días hábiles de antelación.

18. De acordo co establecido no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o orzamento da entidade local será formado por:

- a) O Presidente.
- b) A Intervención.
- c) O Pleno.
- d) A Comisión Especial de Contas.

19. Segundo o establecido no artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ¿que clasificación presenta con separación os gastos correntes e os gastos de capital?

- a) A clasificación por programas.
- b) A clasificación funcional.
- c) A clasificación económica.
- d) A clasificación orgánica.

20. De acordo co disposto na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, ¿que capítulo do orzamento de ingresos recolle os ingresos derivados dos impostos directos?

- a) Capítulo 1.
- b) Capítulo 2.
- c) Capítulo 3.
- d) Capítulo 4.

21. De acordo co disposto na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, as operacións correntes do orzamento de ingresos:

- a) Comprenden os capítulos 1 ao 5 ambos incluídos.
- b) Comprenden os capítulos 1 ao 7 ambos incluídos.
- c) Comprenden os capítulos 6 e 7.
- d) Comprenden os capítulos 8 e 9.

22. De acordo co disposto na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, ¿que capítulo do orzamento de ingresos recolle os ingresos derivados das taxas e dos prezos públicos?

- a) Capítulo 1.
- b) Capítulo 2.
- c) Capítulo 3.
- d) Capítulo 4.

23. Segundo o disposto no artigo 17.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o acordo provisional de aprobación dunha ordenanza fiscal exporase ao público durante:

- a) Trinta días, como mínimo.
- b) Trinta días, como máximo.
- c) Vinte días, como mínimo.
- d) Vinte días, como máximo.

24. O importe dos prezos públicos, de acordo co disposto no artigo 44.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

- a) Deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.
- b) Deberá cubrir como máximo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.
- c) Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por enriba do límite previsto.

- d) Deberá adoptarse á vista de informes técnico-económicos no se que poña de manifesto a previsible cobertura do custo do servizo prestado ou da actividade realizada en base á mellor relación calidade-prezo.
- 25. De acordo co artigo 59.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, é un imposto potestativo:**
- a) Imposto sobre Bens Inmóbles.
 - b) Imposto sobre Actividades Económicas.
 - c) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
 - d) Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
- 26. Segundo o disposto no artigo 61 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito imponible do Imposto sobre Bens Inmóbles a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbles rústicos e urbanos e sobre os inmóbles de características especiais (sinale a incorrecta):**
- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles ou sobre os servizos públicos aos que estén afectados.
 - b) Dun dereito real de superficie.
 - c) Dun dereito real de servidume.
 - d) Dun dereito real de usufruto.
- 27. Establece o artigo 21 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que as entidades locais non poderán esixir taxa polo servizo de:**
- a) Sumidoiros
 - b) Recollida de residuos sólidos urbanos.
 - c) Protección civil.
 - d) Prevención e extinción de incendios.
- 28. De acordo co artigo 100 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ¿cal dos seguintes é un tributo indirecto?**
- a) El Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
 - b) Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
 - c) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
 - d) Imposto sobre Actividades Económicas.
- 29. Cal das seguintes non é unha fase de xestión do orzamento de gastos segundo o disposto no artigo 184 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:**
- a) Compromiso de pago.
 - b) Autorización do gasto.
 - c) Disposición ou compromiso do gasto.

d) Recoñecemento ou liquidación da obriga.

30. De acordo co artigo 91 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a formación da matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas, a cualificación das actividades económicas, a sinalización das cotas correspondentes e, en xeral, a xestión dos censos do tributo levarase a cabo por:

- a) O Concello.
- b) A Deputación Provincial correspondente.
- c) A administración tributaria autonómica.
- d) A administración tributaria do Estado.

31. Respecto do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, o artigo 95 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos:

- a) Que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 100%.
- b) Que estarán exentos do imposto en todo caso.
- c) Que estarán exentos do imposto, previa solicitude polos suxeitos pasivos.
- d) Que non estarán suxeitos ao imposto.

32. De acordo co artigo 110 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os suxeitos pasivos do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana virán obrigados a presentar ante o concello correspondente a declaración que determine a ordenanza respectiva, no seguinte prazo:

- a) Cando se trate de actos ínter vivos, o prazo será de trinta días hábiles.
- b) Cando se trate de actos ínter vivos, o prazo será dun mes.
- c) Cando se trate de actos ínter vivos, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo.
- d) Cando se trate de actos ínter vivos, o prazo será dun ano prorrogable por un ano máis a solicitude do suxeito pasivo.

33. Segundo o artigo 82 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, están exentos do Imposto sobre Actividades Económicas

- a) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante o primeiro período impositivo.
- b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos.
- c) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os tres primeiros períodos impositivos.
- d) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os catro primeiros períodos impositivos.

34. De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o recurso de reposición interporase:

- a) Dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita ou da finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes ou obrigados ao pago.
- b) Dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita ou da finalización do período voluntario para o pago dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes ou obrigados ao pago.
- c) Dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita ou da finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes ou obrigados ao pago.
- d) Dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita ou da finalización do período voluntario para o pago dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes ou obrigados ao pago.

35. De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o pago en período voluntario das débedas de notificación colectiva e periódica que no teñan establecido outro prazo nas súas normas reguladoras deberá efectuarse no período comprendido entre o día un de setembro e o 20 de novembro ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A Administración tributaria competente poderá modificar o prazo sinalado sempre que o dito prazo:

- a) Se estableza dentro do último trimestre do ano.
- b) Se estableza dentro do último semestre do ano.
- c) Non sexa inferior a dous meses.
- d) Non sexa superior a dous meses.

36. Sinala a resposta correcta en relación co prazo para o pago da débeda tributaria unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de prema, considerando o disposto no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

- a) Se a notificación da providencia realizase entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do dito mes ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da providencia realizase entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 1 do mes posterior ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- c) Se a notificación da providencia realizase entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o último día do dito mes ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- d) Se a notificación da providencia realizase entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 10 do mes posterior ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

- 37. De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o obrigado tributario poderá solicitar a compensación das débedas tributarias:**
- a) Exclusivamente cando se atopen en período voluntario de pago.
 - b) Cando se atopen tanto en período voluntario como en período executivo.
 - c) Non cabe compensación de débedas tributarias a solicitude do interesado.
 - d) Exclusivamente cando se atopen en período executivo de pago.
- 38. O acto resolutorio mediante o cal o órgano competente da Administración realiza as operacións de cuantificación necesarias e determina o importe da débeda tributaria ou a cantidade que, no seu caso, resulte a devolver ou a compensar de acordo coa normativa tributaria denominase (artigo 101 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria):**
- a) Autoliquidación.
 - b) Liquidación tributaria.
 - c) Comunicación de datos.
 - d) Verificación de datos.
- 39. ¿En que suposto procede o procedemento para a devolución de ingresos indebidos de acordo co artigo 221 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria?**
- a) Cando se producira unha duplicidade no pago de débedas tributarias ou sancións.
 - b) Cando a cantidade pagada fora superior ao importe a ingresar resultante dun acto administrativo ou dunha autoliquidación.
 - c) Cando se ingresaran cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de transcorrido o prazo de prescrición.
 - d) Todos os supostos anteriores son correctos.
- 40. De acordo co artigo 101 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, as liquidacións tributarias serán:**
- a) Provisionais ou definitivas.
 - b) Executivas ou non executivas.
 - c) Temporais ou concluíntes.
 - d) De trámite ou resolutorias.

RESERVA

R1. Establece o artigo 74.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en relación ás bonificacións potestativas do Imposto Sobre Bens Inmóbles, que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación a favor de aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa:

- a) De ata o 50% da cota íntegra do imposto.
- b) De ata o 75% da cota íntegra do imposto.
- c) De ata o 90% da cota íntegra do imposto.
- d) De ata o 95% da cota íntegra do imposto.

R2. De acordo co artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos municipios de ata 5.000 habitantes, o pleno celebra sesión ordinaria como mínimo:

- a) Cada mes.
- b) Cada dous meses.
- c) Cada tres meses.
- d) Cada semestre.

R3. Segundo dispón o artigo 167.3 Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, contra a providencia de prema solo serán admisibles os seguintes motivos de oposición:

- a) Extinción total da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pago.
- b) Solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario e outras causas de suspensión do procedemento de recadación.
- c) Falta de notificación da liquidación.
- d) Todos os anteriores son correctos.

R4. Segundo dispón o artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a interposición de calquera recurso:

- a) Non suspenderá a execución do acto impugnado, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario.
- b) Poderá suspender a execución do acto impugnado cando se soliciten informes preceptivos a un órgano da mesma ou distinta Administración, polo tempo que medie entre a petición, que se deberá comunicar aos interesados, e a recepción do informe, que igualmente deberá ser comunicada a estes.
- c) Suspenderá a execución do acto cando deban realizarse probas técnicas ou análises contraditorias ou dirimentes propostas polos interesados, durante o tempo necesario para a incorporación dos resultados ao expediente.
- d) Suspenderá a execución do acto cando unha Administración pública requira outra para que anule ou revise un acto que entenda que é ilegal e que constitúa a base para o que a primeira deba ditar no ámbito das súas competencias.

R5. Segundo o disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da corporación realizarase:

- a) Antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.
- b) Antes do día 1 de xaneiro do exercicio no que deba aplicarse.
- c) Antes do 15 de outubro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.
- d) Antes do 1 de outubro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.